



9F7171015

10/2008



NUMERO OCHOCIENTOS DIECISIETE

ELEVACION A PUBLICO DE OTROS ACUERDOS

EN BURELA, mi residencia, a veintidos de Junio
de dos mil nueve -----

Ante mí, **LUIS MUIÑO FIDALGO**, Notario del
Ilustre Colegio de Galicia, -----

-----C O M P A R E C E N-----


DON ALFREDO LLANO GARCIA, mayor de edad, casado,
Alcalde Presidente del Ayuntamiento de Burela, con
domicilio en C/ NOSA SEÑORA DO CARMEN, N.º 38,4º
Prta.D; con D.N.I./N.I.F. número 33826978G. -----

Interviene en nombre y representación, de la
Sociedad denominada "**FUNDACION PARA LA PROTECCION
DE DISCAPACITADOS PSIQUICOS DE BURELA-A MARIÑA**";
domiciliada en BURELA, CL EIJO GARAY, 20. Tiene
asignado el C.I.F. número G27222983. Fue
constituida por tiempo indefinido mediante
escritura de fecha 20 de Junio de 1.997, autorizada
por la que fue Notaria de Cervo-Burela, Doña María
Dolores Rodríguez Fernández, número 306 de su

210171015

101

2005101



Protocolo. Traslado su domicilio al actual mediante escritura de elevación a público de acuerdos sociales autorizada por el que fue Notario de Burela, Don José Manuel López Cedrón, de fecha 30 de Septiembre de 2004, con el número 1496 de Protocolo.-----

Deriva su representación de la condición que ostenta de presidente del Patronato de la Fundación, cargo para el que fue designado en base a los artículos 11 a 14 de los Estatutos de la misma, según resulta de la Resolución emitida por Don Javier Ferreira Fernández, Secretario Xeral e de Relacións Institucionais, Vicepresidencia da Igualdade e Benestar, Xunta de Galicia, de fecha 15 de Octubre de 2007, que confirma dicho nombramiento, a fin de inscribir los nombramientos del Patronato en el "Rexistro de Fundacións de Interese Galego", que me exhibe y le devuelvo.-----

Asevera el compareciente que la entidad que representa existe, que no ha variado la personalidad jurídica de la misma y que sus facultades representativas se hallan plenamente vigentes.-----

Se halla facultado para este acto, según



9F7171014

10/2008



resulta de certificación expedida por Doña Noelia Eijo Quelle, en su calidad de Secretaria de la Fundación, con el visto bueno de él mismo como Presidente, de fecha 4 de Junio de 2009, que me entrega e incorporo a esta matriz, formando parte integrante de la misma, previa legitimación de sus firmas que hago en este acto.-----

Tiene, a mi juicio, tras manifestarme que dicha sociedad no ha sido disuelta ni modificada, capacidad para esta escritura, y-----

-----**E X P O N E**-----

A)- Que el Patronato de la "**FUNDACION PARA LA PROTECCION DE DISCAPACITADOS PSIQUICOS DE BURELA-A MARIÑA**" celebró el día 4 de Junio de 2009, reunión en su domicilio social, con la asistencia de todos sus miembros, acordándose por unanimidad su celebración con el Orden del Día fijado, y levantándose acta de los acuerdos adoptados que igualmente se aprobaron por unanimidad, firmada por los asistentes, y transcrita en el Libro de la

Actas.-----

B)- Que en dicha Reunión, se adoptaron por unanimidad los acuerdos que constan en la certificación anteriormente expresada, extendida en un folio de papel común, cuyo contenido se da por reproducido, y que en síntesis consisten en renovar los Estatutos de la Fundación a fin de adaptarlos a la "Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de Decembro, de Fundacións de Interese Galego", y demás normativa reguladora, copia de los cuales me entrega e incorporo a esta matriz; así como cambiar la denominación actual de la misma por la de **"FUNDACIÓN EU SON"** (Fundación para a Protección de Persoas con Discapacidade Intelectual de Burela-A Mariña).-----

C)- Expuesto cuanto antecede, el señor comparecientes, en el concepto en que interviene,--

-----**O T O R G A**-----

Primero.- Que eleva a público todos los acuerdos adoptados por el Patronato de la **"FUNDACION PARA LA PROTECCION DE DISCAPACITADOS PSIQUICOS DE BURELA-A MARIÑA"** que constan en la certificación anteriormente nombrada y que aquí se dan por íntegramente reproducidos al objeto de



9F7171013




evitar innecesarias repeticiones.-----

Segundo.- Solicita la inscripción de los nuevos Estatutos y de la nueva denominación en el "Rexistro de Fundaciones de Interese Galego".-----

Quedan hechas las reservas y advertencias legales y oportunas.-----

Asimismo, de acuerdo con lo establecido en la Ley Orgánica 15/1999, el compareciente queda informado y acepta la incorporación de sus datos (y la copia de su documento de identidad) a los ficheros automatizados existentes en la Notaría, que se conservarán en la misma con carácter confidencial, sin perjuicio de las remisiones de obligado cumplimiento a las Administraciones Públicas que estipula la Ley y en su caso, al Notario que suceda al actual en esta plaza. Su finalidad es realizar la formalización de la presente escritura, su facturación y seguimiento posterior y las funciones propias de la actividad notarial. Puede ejercitar sus derechos de acceso, rectificación, cancelación




y oposición en la Notaría autorizante.-----

Así lo dice y otorga el compareciente, a quien leo íntegramente y en alta voz esta escritura, advertido de su derecho a leerla por sí, del que no usan. Enterado de su contenido, la aprueba y la firma conmigo, el Notario, que doy fe de identificarle por medio de su D.N.I. y de todo lo demás consignado en este instrumento público, extendido en tres folios de papel exclusivo para documentos notariales, el presente y los dos siguientes.

SIGUE LA FIRMA DEL COMPARECIENTE.- SIGNADO: LUIS MUIÑO. -RUBRICADOS Y SELLADO.-----

APLICACION ARANCEL DISPO. ADICIONAL 3ª LEY 8/89
BASES DE CALCULO: ESCRITURADO
ARANCEL APLICABLE:
DERECHOS ARANCELARIOS: 142,47 euros

Sigue Documentación Unida



9F7171012

10/2008



FUNDACIÓN PARA LA PROTECCIÓN DE DISCAPACITADOS PSÍQUICOS DE BURELA-AMARIÑA



Dona Noelia Eijo Quelle, en calidade de **Secretaria** da Fundación para a Protección de Discapacitados Psíquicos de Burela- A Mariña,

CERTIFICA: Que na reunión do Padroado da citada Fundación, celebrada o 4 de xuño do presente ano adoptouse polos seis membros presentes do padroado, entre outros, os seguintes acordos:

2º.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR Á MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS E CAMBIO DE DENOMINACIÓN DA FUNDACIÓN

Neste punto por secretaria infórmase aos presentes que se recibiu un escrito procedente da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar con resolución favorable á proposta de modificación dos estatutos así como á aprobación para substituír a anterior denominación da Entidade pola de Fundación Eu Son. Continúa explicando que o escrito fai referencia aos trámites necesarios para o seu rexistro na Fundación de Interese Galego para o cal hai que elevar a público as modificacións dos estatutos, aboar as taxas establecidas dacordo co establecido na Lei 6/2003 do 9 de decembro e posteriormente remitir ao Protectorado orixinal ou copia compulsada da escritura.

Continúa informando que para elevar a público as modificacións dos estatutos así como a nova denominación da Entidade deberase facultar ao representante legal da entidade, neste caso ao Presidente.

Despois de todo o exposto e unha vez concluído o debate adoptanse, por unanimidade dos seis membros do Padroado presentes, tomar os seguintes ACORDOS:

- 1º.- Substituír a denominación de Fundación para a Protección de Discapacitados Psíquicos de Burela- A Mariña pola de Fundación Eu Son (Fundación para a Protección de Persoas con Discapacidade Intelectual de Burela- A Mariña).
- 2º.- Elevar a escritura pública as modificacións de estatutos e envialas posteriormente, previo pago das taxas, ao Rexistro de Fundacións de Interese Galego para o seu rexistro.
- 3º.- Facultar ao Presidente da Fundación, D. Alfredo Llano García, para elevar a público os acordos tomados.

E para que conste aos efectos oportunos, expido e asino a presente de orde e co visto e prace do Presidente, en Burela aos dez días do mes de xuño de dous mil nove.

Vtº e Prace
O Presidente

Asdo: Alfredo Llano García

ESTATUTOS DA FUNDACIÓN EU SON

(Fundación para a Protección de Persoas con Discapacidade Intelectual de Burela- A Mariña)

TÍTULO PRIMEIRO.- DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1.- DENOMINACION E NATUREZA

Ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, coa denominación de "Fundación Eu Son", constitúese unha organización de natureza fundacional, de interese galego, constituída sen ánimo de lucro, o patrimonio da cal está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

ARTIGO 2.- PERSONALIDADE E CAPACIDADE

A Fundación constituída, unha vez inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar en consecuencia todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

ARTIGO 3.- RÉXIME

A Fundación ten carácter permanente e a súa duración será indefinida.

A Fundación rexerase pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego; polo Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego en todo aquilo que non se opoña á lei anterior, ou no seu caso polas disposicións que as substitúan; pola vontade do fundador, polos presentes estatutos, e polas normas e disposicións que en interpretación e desenvolvemento dos mesmos estableza o Padroado.

Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións, pola Lei 49/2002, de 23 de decembro de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, e polo R.D. 1270/2003, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, así como pola demais normativa que sexa de aplicación.



9F7171011

ARTIGO 4.- DOMICILIO

O domicilio da Fundación radicarán no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia na rúa Eijo Garay nº20 (Casa do Concello) en Burela (Lugo).

O padroado poderá promover o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria, con inmediata comunicación ao protectorado, na forma prevista na lexislación vixente.

ARTIGO 5.- ÁMBITO DE ACTUACIÓN

A Fundación desenvolverá as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, preferentemente con actuación en Burela e a comarca da Mariña de Lugo.

TÍTULO SEGUNDO.- OBXECTO DA FUNDACIÓN

ARTIGO 6.- FINS

A Fundación ten por obxecto proporcionar asistencia social a persoas con discapacidade intelectual en idade laboral cuxa discapacidade temporal ou permanente lles impida a súa integración nunha empresa ou nun Centro Especial de Emprego, prestando funcións tutelares, asistenciais, ocupacionais e en xeral calquera tipo de actividades formativas ou educacionais tendentes a mellorar a calidade de vida das persoas beneficiarias e familias.

ARTIGO 7.- ACTIVIDADES FUNDACIONAIS

Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:

- a) Actividades ocupacionais
- b) Ocio e actividades lúdicas en xeral.
- c) Actividades terapéuticas cando procedan.
- d) De tutela dos/as incapacitados/as nos casos en que lle sexa atribuída por resolución xudicial ou por disposición testamentaria.
- e) No seu caso, a garda e acollemento dos/as beneficiarios/as da Fundación.

- 110171011
- 8005001
- f) Calquera outra de índole asistencial, prelaboral, laboral ou formativa dirixidas a favorecer a integración social e a mellora da calidade de vida das persoas beneficiarias da fundación.

ARTIGO 8.- LIBERDADE DE ACTUACIÓN

O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da fundación, tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, a xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan os máis adecuados ou convenientes en cada momento.

TÍTULO TERCEIRO.- REGLAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINES FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS.

ARTIGO 9.- DESTINO DAS RENDAS E INGRESOS

Á realización dos fins fundacionais deberá ser destinado, polo menos, o setenta por cento dos resultados das explotacións económicas que se desenvolvan e dos ingresos que se obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados para a súa obtención, debéndose destinar o resto a incrementar a dotación fundacional ou a reservas segundo acordo adoptado polo Padroado. Non se incluírán no cálculo dos ingresos as doazóns recibidas en concepto de dotación.

Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na lexislación vixente.

ARTIGO 10.- BENEFICIARIOS/AS

Serán beneficiarios/as da Fundación as persoas físicas e xurídicas que reúnan as condicións seguintes:

- a) Persoas con Discapacidade Intelectual legalmente recoñecidas
- b) Que cumpriran os dezaioito anos. En casos excepcionais, previa valoración polo Padroado, poderán ser usuarios/as aquelas persoas que tivesen cumpridos os dezaseis anos.
- c) Que reúnan as condicións que determine o Padroado da Fundación.

A determinación dos/as beneficiarios/as será efectuada polo Padroado con criterios de imparcialidade e non discriminación.



9F7171010

11/2008

TÍTULO CUARTO.- GOBERNO DA FUNDACIÓN: O PADROADO

ARTIGO 11.- NATUREZA

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación e executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nos presentes estatutos.

ARTIGO 12.- COMPOSICIÓN

O padroado quedará composto por seis membros, catro designados polo Pleno do Concello de Burela e dous elixidos en Asemblea pola Asociación Camiña (Asociación Comarcal da Mariña Lucense).

As catro persoas do Padroado designadas polo Concello de Burela, serán quen ostente en cada momento os cargos de Alcalde/sa, Primeiro/a Tte. de Alcalde, Concelleiro/a Delegado/a de Servizos Sociais e Traballador/a Social do Concello.

ARTIGO 13.- DURACIÓN DO MANDATO

Os patróns desempeñarán as súas funcións ata o momento de cese no cargo por razón do cal foron nomeados membros do Padroado.

ARTIGO 14.- NOMEAMENTO E SUBSTITUCIÓN DE PATRÓNS

O nomeamento de patróns farase unha vez se produzan modificacións no órgano de goberno municipal do Concello de Burela ou na Xunta Directiva da Asociación Camiña.

A substitución dos patróns comunicáraselle formalmente ao Protectorado e inscribírase no Rexistro de Fundacións.

ARTIGO 15.- ACEPTACION DO CARGO DE PATRÓN

Os patróns entrarán a exercer as súas funcións despois de teren aceptado expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderá constar no outorgamento da carta fundacional, en documento público independente, en documento privado con sinatura lexitimada por un federatario público, mediante comparecencia realizada ante o Rexistro de Fundacións de Interese

Galego, ou perante o Padroado, acreditándose mediante certificación expedida polo secretario.

A aceptación comunicarase formalmente ao Protectorado para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións.

ARTIGO 16.- CESAMENTO DOS PATRÓNS

O cesamento dos patróns da Fundación producirase nos supostos seguintes:

- a) Por morte ou declaración de falecemento, así como por extinción da persoa xurídica.
- b) Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, dacordo co establecido na lei.
- c) Por cesamento no cargo por razón do cal foron nomeados membros do Padroado.
- d) Por non desempeñar o cargo coa delixencia dun representante leal, se así se declara en resolución xudicial.
- e) Por resolución xudicial que acolla a acción de responsabilidade polos actos de responsabilidade establecidos legalmente.
- f) Polo transcurso do prazo de seis meses desde o outorgamento da escritura Pública Fundacional sen ter solicitado a inscrición no correspondente Rexistro de Fundacións.
- g) Polo transcurso do período do seu mandato se foren nomeados por un determinado tempo.
- h) Por renuncia, que poderá levarse a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación.

A renuncia será efectiva desde o momento en que se lle notifique ao órgano de goberno da Fundación.

O cesamento dos patróns comunicarase formalmente ao Protectorado e inscribirase no Rexistro de Fundacións.

ARTIGO 17.- ORGANIZACIÓN DO PADROADO

O Padroado designará de entre os seus membros un/a presidente/a, un/a vicepresidente/a e, se é o caso, un/a tesoureiro/a.

Así mesmo designará un/a Secretario/a que non terá necesariamente a condición de membro do Padroado, en cuxo caso poderá asistir con voz pero sen voto ás deliberacións do mesmo.



9F7171009

10/2008

Estes acordos adoptaranse por acordo das dúas terceiras partes dos seus membros e deberán ser presentados á inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

ARTIGO 18.- O/A PRESIDENTE/A

Ao/á Presidente/a correspóndelle exercer a representación da Fundación ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas; convocará as reunións do Padroado, presidiráas, dirixirá os seus debates e, se é o caso, executará os acordos, podendo para isto realizar toda clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios para tal fin.

ARTIGO 19.- O/A VICEPRESIDENTE/A

Corresponderá ao/á vicepresidente/a realizar as funcións do/a presidente/a nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, podendo actuar tamén en representación da Fundación, naqueles supostos en que así se determine por acordo do Padroado e executar os acordos do padroado por delegación do/a Presidente/a.

ARTIGO 20.- O/A SECRETARIO/A

Son funcións do/a secretario/a custodiar a documentación pertencente á Fundación, redactar as actas correspondentes ás reunións do Padroado, expedir as certificacións e informes que sexan necesarios e todas aquelas que expresamente lle sexan atribuídas.

Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, o/a secretario/a será substituído polo/a vogal de menor idade do padroado.

ARTIGO 21.- O/A TESOUREIRO/A

Son funcións do/a tesoureiro/a o manexo e custodia dos fondos da Fundación, a realización de cantos cobros e pagos corresponda aos fondos da Entidade, a elaboración do presuposto da mesma, a levanza dos libros de contabilidade e calquera outra que se lle encomende polo Padroado referente á actividade económica da Fundación.

ARTIGO 22.- FACULTADES DO PADROADO

Na súa actuación, o Padroado deberase axustar ao preceptuado na lexislación vixente e á vontade do fundador manifestada nestes estatutos.

Corresponde ao Padroado cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo plenamente o seu rendemento e utilidade.

Con independencia das funcións que lle atribúen os presentes estatutos e sen prexuízo de solicitar, se é o caso, as preceptivas autorizacións ao protectorado, a título meramente enunciativo, serán facultades do Padroado.

- a) Exercer o goberno, a representación, inspección, vixilancia e orientación da Fundación.
- b) Interpretar e desenvolver os presentes estatutos e, se é o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, dacordo cos requisitos establecidos na lexislación vixente.
- c) Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos disponibles entre as finalidades da Fundación.
- d) Acordar a apertura e peche dos seus centros, oficinas e delegacións.
- e) Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes así como a revogación dos mesmos.
- f) Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao Protectorado.
- g) Delegar as súas facultades en un ou máis patróns, sen que poidan ser obxecto de delegación:
 - A aprobación das contas anuais e do plan de actuación
 - A modificación dos estatutos
 - O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.
 - Calquera acto que precise a autorización ou aprobación do Protectorado

ARTIGO 23.- REUNIÓN DO PADROADO E CONVOCATORIA

O Padroado reunirse, polo menos, dúas veces ao ano e tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da Fundación.

Corresponde ao/á presidente/a convocar as reunións, por propia iniciativa ou a petición das 2/3 partes dos membros do padroado.

A convocatoria faráselle chegar a cada un dos membros, polo menos, con cinco días de anticipación á data da súa celebración, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción. Nela farase constar o lugar, día e hora de celebración da reunión, xuntándose, así mesmo, a orde do día.



9F7171008

Non será precisa convocatoria previa cando se encontren presentes todos os patróns e acorden por unanimidade a celebración da reunión.

ARTIGO 24.- FORMAS DE DELIBERAR E ADOPTAR ACORDOS

As reunións do Padroado entenderanse validamente constituídas cando concorran a elas, presentes ou representados, na forma legalmente establecida, polo menos a metade máis un dos seus membros.

Os acordos serán inmediatamente executivos e adoptaranse por maioría absoluta dos asistentes, sendo dirimente en caso de empate o voto do/a presidente/a. Non obstante requirirase voto favorable das 2/3 partes sempre que, ademais, supoña a maioría absoluta dos seus membros para abordar acordos que se refiran á reforma ou modificacións dos estatutos, á disposición de bens a título gratuito, á fusión e á extinción da Fundación.

Das reunións do Padroado levantarase polo/a secretario/a a correspondente acta, que deberá ser aprobada por todos os membros presentes na mesma ou seguinte reunión. Unha vez aprobada transcribírase no correspondente libro de actas e será asinada polo/a secretario/a co visto e prace do/a presidente/a.

ARTIGO 25.- DEREITOS E OBRIGAS DOS MEMBROS DO PADROADO

Son dereitos dos membros do Padroado:

- a) Recibir a convocatoria coa orde do día e asistir ás xuntanzas dos órganos dos que formen parte.
- b) Exercer o dereito de voto
- c) Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións

Son deberes dos membros do Padroado:

- a) Cumprir e facer cumprir os fins fundacionais
- b) Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico-financeiros dun bo xestor
- c) Asistir ás xuntanzas do Padroado e velar pola legalidade dos acordos que nelas se adopten
- d) Realizar os actos necesarios para a inscrición da Fundación no Rexistro de Fundacións de Interese Galego

800171008

1012008

O Padroado dará información suficiente dos fins e actividades da Fundación para seren coñecidos polas persoas eventuais beneficiarias e demais persoas interesadas.

ARTIGO 26.- RESPONSABILIDADE DOS PATRÓNS

Os patróns deberán desempeñar o seu cargo coa dilixencia dun representante leal.

Os patróns responderán solidariamente fronte á Fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou aos estatutos ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade os que votasen en contra do acordo e os que proben que, non intervindo na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos, se opuxeron expresamente a aquel.

ARTIGO 27.-CARÁCTER GRATUÍTO DO CARGO DE PATRÓN

Os patróns exercerán o seu cargo sen que, en ningún caso, poidan percibir retribución polo desempeño da súa función.

Os patróns terán dereito a seren reembolsados dos gastos debidamente xustificadas que o desempeño da súa función lles ocasionen.

ARTIGO 28.- CONSELLOS ASESORES

O Padroado poderá crear consellos asesores e de estudo, así como órganos similares con función de apoio e asesoramento, para o mellor desenvolvemento dos fins fundacionais.

A creación destes órganos deberá ser notificado ao Protectorado e inscrito no Rexistro de Fundacións.

ARTIGO 29.- XERENTE

O Padroado poderá acordar a contratación dun director/xerente con competencias en materia de xestión e administración da Fundación.



9F7171007

10/2008

TÍTULO QUINTO.- RÉXIME ECONÓMICO

ARTIGO 30.- PATRIMONIO FUNDACIONAL

O patrimonio da Fundación estará integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica que integren a dotación, así como por aqueles que adquira a Fundación con posterioridade á súa constitución, aféctense ou non á dotación.

Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación, constar no seu inventario e no Rexistro de Fundacións.

O Padroado promoverá, baixo a súa responsabilidade, a inscrición a nome da Fundación dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio nos rexistros públicos correspondentes.

ARTIGO 31.- DOTACIÓN DA FUNDACIÓN

A dotación da Fundación estará integrada por todos os bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da Fundación e por aqueles outros que no sucesivo se acheguen con ese carácter.

ARTIGO 32.- ADSCRICIÓN DO PATRIMONIO FUNDACIONAL

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ao cumprimento dos fins que a Fundación persegue.

ARTIGO 33.- FINANCIAMENTO

A Fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiaranse cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, se fora o caso, con aquel outros procedentes das axudas, subvencións ou doazóns que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.

A Fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servizos directamente prestados por ela ás persoas beneficiarias sempre que:

- a) Non desvirtúe o interese xeral para a Comunidade Autónoma
- b) Non sexan contrarios á vontade fundacional

- c) Non implique unha limitación inxustificada do ámbito das persoas posibles beneficiarias

ARTIGO 34.- RÉXIME FINANCEIRO

O exercicio económico coincidirá co ano natural.

A Fundación, ademais do libro de Actas, levará necesariamente un Libro Diario e un Libro de Inventarios e Contas Anuais, e aqueles outros que sexan convenientes para a boa orde e desenvolvemento das súas actividades, así como para o adecuado control da súa contabilidade.

Na xestión económico-financeira, a Fundación rexerese de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

ARTIGO 35.- ELABORACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN E PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

O Padroado elaborará e remitirá ao Protectorado nos últimos tres meses de cada exercicio, un Plan de Actuación no que se conteñan os obxectivos e as actividades que se teña previsto desenvolver no exercicio seguinte.

O Padroado, ou a persoa que este designe, formulará as contas anuais que deberán ser aprobadas polo Padroado no prazo de seis meses desde o peche do exercicio económico, e presentaranse ante o Protectorado no prazo de vinte días hábiles seguintes á súa aprobación para o seu exame e posterior depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

As contas anuais, que comprenden balance, conta de resultados e memoria, forman unha unidade, deben ser redactadas con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Fundación.

A memoria completará, ampliará e comentará a información contida no balance e na conta de resultados e incorporará un inventario dos elementos patrimoniais da Fundación. Ademais, incluírase na memoria as actividades fundacionais os cambios no órgano de goberno, dirección e representación, así como o grao de cumprimento do plan de actuación, indicando os resultados empregados, a súa procedencia, o número de persoas beneficiarias en cada unha das distintas actuacións realizadas, os convenios que no seu caso se



9F7171006

10/2008

subscriban con outras entidades para estes fins, así como o grao de cumprimento do destino de rendas e ingresos.

Se a Fundación se encontra dentro dos requisitos legais establecidos, os documentos anteriores someteranse á auditoría externa, remitindo ao protectorado o informe da mesma xunto coas contas anuais.

TÍTULO SEXTO.- DA MODIFICACIÓN, AGREGACIÓN OU EXTINCIÓN

ARTIGO 36.- MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Por acordo do Padroado, poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente aos intereses da Fundación e se cumpran os requisitos previstos na lexislación vixente. Procederase a dita modificación cando as circunstancias que presidiron a constitución da Fundación tiveran variado de tal maneira que esta non poida actuar satisfactoriamente con arranxo aos estatutos.

Para a adopción de acordos de modificación, será necesario o voto favorable das 2/3 partes dos asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do Padroado.

A modificación ou nova redacción dos estatutos acordada polo Padroado deberá ser comunicada ao Protectorado, formalizada en escritura pública e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

ARTIGO 37.- FUSIÓN CON OUTRA FUNDACIÓN

A Fundación poderase fusionar con outra ou outras, logo de acordo dos respectivos padroados comunicándoo ao Protectorado e sempre que dita fusión responda á conveniencia de cumprir mellor os fins da Fundación, podendo realizarse por:

- a) a absorción doutra ou outras que se extinguen.
- b) a creación dunha nova Fundación, á que se transmitirán en bloque os patrimonios das fusionadas que se extinguen.

O acordo de fusión deberá ser aprobado con voto favorable das 2/3 partes dos asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do Padroado. A fusión requirirá comunicación ao Protectorado,

formalización en escritura e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

ARTIGO 38.- EXTINCIÓN DA FUNDACIÓN

A Fundación extinguirase polas causas e de acordo cos procedementos establecidos pola lexislación vixente.

ARTIGO 39.- LIQUIDACIÓN E ADXUDICACIÓN

A extinción da Fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación que será realizada polo Padroado baixo o control do Protectorado.

Os bens e dereitos resultantes da liquidación destinaranse ás fundacións ou ás entidades non lucrativas privadas ou públicas que persigan fins de interese xeral e que teñan afectados os seus bens, mesmo para o suposto da súa disolución, á consecución daqueles, consideradas como entidades beneficiarias do mecenado aos efectos previstos nos artigos 16 e 25, ambos inclusive, da Lei 49/2002, de 23 de decembro.

Corresponde ao Padroado designar as entidades receptoras destes bens, de acordo co establecido na lexislación vixente.

CLÁUSULA ADICIONAL

En todo caso, o previsto nos presentes estatutos non implica limitación ou substitución nas competencias que ao Protectorado atribúe a lexislación vixente, e moi especialmente en relación coas autorizacións ou limitacións a que a fundación expresamente se somete.



9F7171005

10/2008

FALTA



la expido en once folios de papel exclusivo para documentos notariales, números 9F7171015 y los diez anteriores. BURELA, El día siguiente de su autorización. Doy fe.

[Handwritten signature]



	<p>Transmisións, O. Soc e AXD DELEGACIÓN DE LUGO 2014 / 27 / 000 / 15500</p>	
<p>Exención ou non suxeito</p>		
<p>O presente documento devólvese ó interesado por alegar que o acto ou contrato que contén está exento/non suxeito ó Imposto. Presentou copia que se conserva na Oficina para comprobación da exención/non suxeición alegada, todo isto sen prexuízo de practicar a liquidación ou liquidacións que, no seu caso, procedan.</p>		
<p>Data da presentación: 04/09/2014 Número de documento: 600725683117</p>		
<p>Selo</p>		
<p>O contido deste documento pódese comprobar en www.conselleriadefacenda.es</p>		
<p>Código Seguro de Verificación: E178 0114 990D C154</p>		